

Déspotas insensatos,
Forxá, forxáde grillos;
Pode oprimir o ferro,
Un corpo enfraquecido;
Mais as nobres idéas,
E gloriosos instintos...
Esas... non pode, non o
(duro ferro,
Nin a morte, extingúelos!
Eduardo PONDAL.

A Nosa Terra

(NUESTRA PATRIA)

CORREO
ARGENTINO

Central B

FRANQUEO PAGADO

Concesión No. 2032

TARIFA REDUCIDA

Concesión No. 2727

Año XXX



BOS AIRES, MARZAL DE 1945



Redacción - Administración: Rúa BELGRANO 2186

Núm. 436

EDITORIAL

La Declaración del Consejo de Galicia

El Consejo de Galicia acaba de hacer un llamamiento a los españoles exilados. Con precisión y laconismo puntualiza los errores y los peligros que en este instante decisivo para el futuro de los pueblos, entrañan las divisiones y discordias entre los que, fuera de la Patria, representan el dolor de la España mártir; y representan también sus anhelos de libertad y de justicia.

Pide el Consejo de Galicia que se ponga punto final a las disputas entre hermanos, y que éstos estrechen sus manos y acerquen sus corazones, COMO LO HACEN LOS HERMANOS QUE SOPORTAN OPRESION EN EL INTERIOR DEL PAIS.

Invoca el Consejo de Galicia, al hacer su llamamiento, la representación auténtica de las fuerzas democráticas de Galicia, que espontáneamente le fué conferida; y señala las bases del acuerdo concertado en España, las que deben servir para llegar a un entendimiento en el exilio.

El llamamiento, que es expresión de un gran fervor patriótico, conmina severamente a los que se obstinan en mantener miras egoístas y les hace presentes su deber y su responsabilidad, apremiándoles a rectificar su condenable conducta.

Es una pieza de gran altura hecha por quien tiene autoridad moral y social para hacerse intérprete de las ansias de nuestro pueblo.

Hespaña Versus Xapón

Acostumados estamos ya, á mentira, á difamación e o contrasentido máis disparatado dos capos do totalitarismo nas súas diversas manifestacións de feixismo, nazismo e falanxismo, máis compre crér, — e isto en honor á verdade —, que nada é comparable ás habilidades de titiriteiro postas á proba pola diplomacia falanxista dende o preciso intre, en que o eixo comezou a dar sinais alarmantes de febleza fronte á poderosa coalición das forzas unidas da democracia.

Das arroutadas quixotescas do "xeralísimo" en intres de xeiras victoriosas do trebón nazi sobor dos campos e cidades d'Europa, non fica outra cousa que o monco de trapo fallo dos dedos nazis que con toda habilidade facíalle mover os brazos e ceibar grotescas pancadas ao ar

acompañadas de berros contra as xa derrotadas e "dexeneradas democracias", e glorificando a guerra como unha necesidade vital dos povos...

Agora o telégrafo nos anuncia d'Hespaña, dificultades diplomáticas co Xapón por mor dos cidadáns hespaños asesinados en Manila polas tropas xaponesas créndose posíbel á declaración de guerra ao Imperio do Sol Nacente; aos "seus benqueridos irmáns xaponeses" que xunto cos nazis, feixistas e franquistas provocaron a horribel matanza de millóns d'homens e a destrución de campos e cidades "para salvar a civilización"...

A descomposición deu comezo. Xa o xeralísimo pideu un curruncho na mesa da paz, que digase o que se queira é un xeito como outro calquera de decrararse demócrata. (?)

¡Cousas veredes!...

Conferenza de López Durá n México

Notizas que nos chegan de México fanos saber que o noso gran irmán e distinto intelectual galego, profesor Xoán López Durá, ditou unha luminosa conferencia nun ciclo orgaizado pola Comunitat Catalana daquela capital.

A disertación do irmán Ippéz Durá tivo lugar o 15 do derradeiro nadal e versou sobo do tema: "Presente e futuro do Galeguismo", acadando moito éisito.

Deixamos consiñada a notiza con verdadeira satisfacción. López Durá é dos nomes que honran ao galeguismo, membro do Consello do Partido Galeguista, soubo na hora traxica sacrificarse pola súa Patria Galega e pola Democracia, trocando, o seu benestar na Terra e a súa xa outa posición de profesor da Universidade Compostelana polas angurias do exilio. Galiza pode agardar moito deste seu fillo fidel; acogulado de xuventude e de azos, e de ampla cultura. A súa brillante labourea presidindo a Delegación Galega en Galeuzca de México, é de lo boa mostra.

Comunicado do Consello de Galiza

Na Xuntanza tida polo CONSELLO DE GALIZA na cidade de Montevideo, dispois de revisar a situación política interna de Hespaña e, moi especialmente, a de Galiza, así como as circunstancias porque atravesan as relacións dos políticos exiliados, acordou dar a publicidade o seguinte comunicado:

"Nesta hora decisiva, o CONSELLO DE GALIZA proclama a súa estreita compenetración co Goberno Vasco e as Forzas Orgaizadas de Cataluña, respondendo a crescente solidariedade dos tres povos, en alianza interna i esterna, que xa está consagrada baixo o coñecido nome de "Galeuzca".

O CONSELLO DE GALIZA, como integrante da dita unión triangular, mantívose alonxado de toda loita partidista e de persoas, e, polo tanto, non lle cabe responsabilidade algunha nas desavenzas republicáns; mais non por iso seus membros senten acougada a súa conciencia, anque en todo intre houberan ouserado unha atitude amistosa cos elementos en discordia, desexando anceosamente que remataran as súas inúteis e perniciosas rifas; e dende agora se ofrecen a traballar a prol dunha unión concertada de todos os demócratas hespaños, co fito de chegar canto antes a unha dirección política única.

En consecuencia, o CONSELLO DE GALIZA fai un cordial chamamento as agrupacións e persoalidades democráticas hespañolas no exilio, i as invita a depor suas xenreiras e conciliar suas difrenzas. O intre histórico que vivimos eisixe de nós, imperosamente, a

unión inmediata de todos para a recuperación do orde republicán en Hespaña. Máis aínda; si antes dun mes non se da chegado a un franco e craro entendimento dos grupos persoalistas, coidaremos que no exilio non existen exgobernantes capaces de voltar a gobernar.

As forzas democráticas orgaizadas na Península reclaman con insistenza a nosa unión, tan estreita como que alí se formou, considerando suicidas e antipatrióticas as desavenzas que reinan entre os desterrados. As bases para a unión, fixadas polas forzas do interior, son as seguintes: 1o.— Recuperación do orde republicán e, simultaneamente, establecemento das autonomías de Euzkadi, Cataluña e Galiza; 2o.— Compromiso formal para a implantación dunha República Federal.

O CONSELLO DE GALIZA, investido da auténtica representación de todas as forzas que constitúen a "XUNTA GALEGA DE ALIANZA DEMOCRÁTICA" (partidos políticos e unións sindicais), prega de xeito moi especial, en nome de todos os elementos democráticos de Galiza, aos respetivos aderentes no exilio que propicien con todas as súas enerxias a unión e concordia dos republicáns hespaños, en consoancia coas bases fixadas.

O CONSELLO DE GALIZA, diante a dictadura de Franco i a Falanxe e diante as pretensións monárquicas que agora se axitan, reafirma, unha vegada máis, a súa inquebrantabel fé republicán e democrática.

Signado: Alfonso R. Castelao, presidente. — Antón Alonso Ríos, secretario.

Xuntanza do Goberno Vasco en Nueva York

Tomou importantes acordos e ratificou a súa solidariedade con Galiza e Cataluña

O Goberno Vasco acaba de ter unha xuntanza en Nova York, baixo a presidencia do seu xefe, Xosé Antonio de Aguirre, e coa asistencia dos conselleiros residentes no Continente americano: Ramón María de Aldasoro, Telésforo de Monzón, Santiago Aznar e Gonzalo Nardiz. Dende Franza fixeron chegar a súa plea adhesión os conselleiros Xesús de Leizaola i Eleodoro de Torres.

Moitos e importantes foron os acordos que tomou o Goberno Vasco nesa xuntanza que, sen dúbida, ficará fixada de maneira especial na Historia de Euzkadi.

Do comunicado que o dito Goberno deu a publicidade dispois da xuntanza, transcribimos aquí algúns parágrafos que interesan aos patriotas galegos:

"El Gobierno Vasco estudió su posición con respecto a los pueblos catalán y galego, con cuyas representaciones mantiene la más cordial relación. El Gobierno Vasco examinó con gran complacencia diferentes informes y comunicaciones, entre ellos del interior, que acusan la fuerza ascendente de los movimientos nacionales de Cataluña y Galicia con cuyas representaciones aspira a establecer el más rápido y eficaz entendimiento y acuerdo al servicio de los intereses comunes. Entendió el Consejo que la libertad organizada de Cataluña, Galicia y Euzkadi es firme garantía de libertad para España, siendo hoy el más poderoso instrumento al servicio

de la restauración republicana, y recabe el respeto a estos sentimientos en el momento oportuno".

"El Gobierno Vasco ratifica su decidido apoyo a la causa democrática española para obtener la restauración de la República en España, esperando que el ejercicio de la libertad abra el camino a un progresivo desarrollo de los derechos humanos y a una ordenación, conforme con la libre voluntad de los pueblos".

"Asimismo contestando a las proposiciones de preminentes republicanos españoles exiliados en México, estimó que los principios de la Constitución de 1931 y los Estatutos de autonomía sirven de base de entendimiento, pero que su aplicación práctica exige garantías o acusa necesidades y cambios que no pueden satisfacerse con la sola invocación legal. Fijó la atención el Consejo en el período constituyente o prebiscitario que reclama, dado el tiempo transcurrido y su impracticabilidad en forma legal, plena libertad de expresión en la ciudadanía y los pueblos. El Gobierno Vasco entendió que la importancia de estos asuntos aconseja el acuerdo previo que elaborado con espíritu democrático evite la improvisación y la injusticia. El Consejo acordó otorgar un voto de confianza al Presidente para que

de la restauración republicana, y recabe el respeto a estos sentimientos en el momento oportuno".

"El Gobierno Vasco, unido a su pueblo, por una comunidad de sacrificios y esperanzas, confía en sus compatriotas, y en su nombre dirige un emocionado llamamiento a los representantes de la causa republicana española y a quienes tienen la misión de guiar a Cataluña y Galicia, para que el año 1945 sea el de la coordinación de nuestros esfuerzos y el que marque el fin de la tiranía del régimen de Franco, implantado por la violencia y por el auxilio extranjero. En New York, marzo 2 de 1945".

O Presidente Aguirre, na Franza

Aos poucos dias de realizada a Xuntanza do Goberno Vasco en Nova York, o seu esgrevio Presidente, Xosé Antonio de Aguirre, marchou en avión a Franza.

..O cable xa nos deu notizas da súa chegada a París e do seu comezo de conversas con outas persoalidades hespañolas exiladas nas terras galas.

A Causa de Galeuzca e a da Democracia hespañola teñen moito e bó de agardar das xestións que fará o ilustre "lendakari" vasco na Europa.

As Parolas e os Feitos A Riqueza Gandeira de Galiza

Por MOISÉS DA PRESA

DEMAGOXIA BARATA—

Entre nós abundan os demagogos. Por cada político ou dirixente responsable, conscente do seu deber, hay centos que adulan, e din loubanzas arreo do sufrido povo. O povo aquí, o povo alí, anque o vendan, despois, a volta de cada esquina. O caso é ter o seu voto, a súa simpatía para poder medrar a costa d'él. Claro está que se trata de xente moi coñecida, e o povo, tan traído e levado, xa os ten marcados.

Esta endemia, que era casi patrimonio exclusivo dos políticos baratos, está infectando, tamén, os intelectuais. Así é, como, d-un tempo a esta parte, vése nas nosas publicacións colectivas, a mesma tendencia a demagogía; a falsa demagogía, a que se di, pero, que non se sinte. Eles, teñen a verba "povo" a frol de beizos.

Porqué, entón, non acuden o chamado do povo, se é que o queren tanto, cando éste ten mester d'eles? Cando o povo os chama pra dar unha conferencia, pra orgaizar unha exposición d'arte, ou lles pide unha colaboración pra súa prensa, por qué non responden? ¿Por qué esos círculos pechados, onde se abala a máis exquisita vaidade. ¿Por qué esas feiras artísticas, onde só uns poucos eleixidos de Dios poden vender as súas hortalizas artísticas e literarias?

Hay que meterse entre o povo, estreitarlle a man, si verdadeiramente se sintén a súas angueiras e as súas inquedanzas, procurando elevalo espiritualmente... E moi doado loubar o povo, desde o balcón d-un quinto piso!

UNHA BOA IDEA—

Según os cablegramas chegados de París, parece que na "cidade-luz", representantes de diversas entidades da F.A.I. é da C.N.T., que como é sabido agrupa a enorme maioría do proletariado español, moi especialmente o galego, intentan crear unha forte orgaización de carácter político, pra intervir directamente nas loitas políticas de Hespania.

Os iniciadores d-esta empresa, non lles vay a ser moi doado levala a cabo. Esta caudalosa corrente esquerdista ibérica, é esencialmente anti-política; tendo, pol-o tanto, que réver e reformar os seus principios filosóficos i-económicos. Un "líder" de tanta outura e tan estimado e respetado como Pestaña, fracasou, anos atrás, no seu valente e acertado intento.

E moi posible que a traxedia hespañola, lles haxa ensinado moito a estas xentes, e grávide intensamente na súa conciencia de homes libres i-emotivos, procurando atopar un remedio pra terribel doenza da patria asovallada.

Sería de aledarse que este intento coallara n-un forte partido político; porque esta forza obreira, maioritaria en Hespania, non debe estar a espleita dos erros dos demais partidos, pra despois combatalos, por medio dos seus sindicatos, e botarlles na cara as súas torpezas, e os seus fracasos; se non que debe actuar e compartir a responsabilidade do poder, e poñer un freno aos estadólatras, que queren transformar a Hespania n-un cuartel civil.

DON XOAN, DON XOAN...—

O mester de Rey, non debe ser, a pesar do que din algúns cortesanos, moi ruín e malo de exercer. Si así fora, non sería tan difícil botalos do traballo e non terían eles tanto intrín en voltar a él. Don Xoan, a pesar de que o forno non está pra bolos, está rabiando por instalarse no Palacio de Oriente, pra facer, desde alí, a felicidade de "todos los españoles". E, con estas intenzoes, que desde a súa insua helyética, deu un manifesto, dirixido a Franco, decíndolle que deixara o posto, que tiña máis dereito que él a exercelo. Os monárquicos, claro está, fixéronlle coro; pero, até o d-agora, Franco, segue no faco, arre que arre. O manifesto promete moitas cousas. Até a resolver os problemas nacionais... Como se os cataláns, os vascos e galegos nos ilusionáramos ou nos conformáramos coas promesas d-un descendente de Felipe V; como si nós, os republicáns, non soupéramos que don Xoan, foi a ofrecerse a Franco pra combatir os "bermellos"; como se nós non nos enteiráramos ou esquecéramos as declaracións que este príncipe fixo en favor da insurrección falanxista e dos réximes totalitarios; como se nós non soupéramos que os verdadeiros culpables da traxedia hespañola foran os monárquicos, que tomaron os falanxistas como sicarios as súas ordens pra executar os seus criminais desíños; como se nós esquecéramos, que foi, precisamente, un cortesano de tanta alcurnia como o duque de Alba, o que máis pesou c-as súas mentiras no ánimo dos gobernantes británicos, pra inclinala balanza en favor dos asesinos falanxistas.

Este inxenuo, ou parvo príncipe, e os seus conselleiros, coidan que o povo sofre de annesia, coitadiños! O povo hespañol non tolera máis unha monarquía. ¡E ben que o vaian sabendo!

Ramón Carballo.

Rotisería 'El Serrano'

XAMONS - CHOURIZOS - etc., etc.

(A MANEIRA DE GALIZA)

NON ESQUEZA: BELGRANO 1949 — Tel. 47-1056

"MADRID, enero 30 (UP). — La riqueza ganadera de Galicia es superior a la anterior a la guerra civil española, constituyendo la base principal de esta riqueza el ganado vacuno que alcanza a la cifra de un millón 77.372 cabezas, con un valor de 1.600 millones de pesetas.

Corresponden a la provincia de la Coruña, 277.169 cabezas, a la de Lugo 353.388; a Orense 230.721; a Pontevedra, 216.444.

El resto del ganado correspondiente a Galicia es el siguiente: caballos, 57.314; mular, 16.013; asnal, 37.300; lanar, 50.554; caprino, 251.511; porcino, 739.431; aves, 3.433.582 y conejos 1.002.048.

1.077.772 cabezas de gando vacuno por un valor de 1.600 millóns de pesetas...!

E aínda hai galegos que coidan que a nosa Terra é pobre...!

Os galegos que pensan que o noso país é pobre ignoran que Galiza é agricolamente o máis adiantado de Hespania. Duas cifras abundan para certificarlo: Galiza ocupa o 5º olo do chan hespañol e colleita o 14º olo do total da produción agrícola hespañola.

A produción total da agricultura galega achégase aos 1.300 millóns de pesetas e a de todo Hespania é de 9 mil millóns. A produción de cereas é dunha meia de 8 quintaes por hectárea en Hespania i en Galiza de 15.

A produción da uva é de 30 quintaes métricos en Hespania. En Galiza é de 41 e a mesma proporción acíbase nos demais cultivos.

Unha gran riqueza que está estancada e que será unha fermosa realidade o día en que os galegos gobernen a súa terra é a forestal.

Según estudos económicos, Galiza ten 1.200.000 hectáreas de monte sen repovoar e cuxa repovoación en dez anos custaría 150 millóns de pesetas.

Demais está dicir que esta fabulosa poñha da nosa economía é o fenómeno máis trascendental de posibilidades no futuro da riqueza galega, pois elo suporía como é natural, a creación de numerosas industrias que farían medrar dun xeito extraordinario a riqueza do noso país.

Mais para lograr estos obxetivos económicos é mester que a riqueza galega sexa ademini-trada e medrada por galegos, pois unicamente un go-

berno galego pode levar a cabo a transformación económica que o país necesita, para manter con folgura aos seus fillos e impedir que emigren a terras alleas.

A emigración galega en masa, é o alegato máis gategórico do fracaso do centralismo hespañol e ao decir centralismo, tanto vai coa monarquía como coa República. O resultado ven a selo mesmo.

O telegrama de Madri que enca-beza este artigo, dá unha estadística de gando vacuno en Galiza e anuncia un aumento con respecto a anterior da guerra civil. E moi posíbel que sexa certo, pois por razóns que está por demais eisor, os galegos non emigran agora e si nos atemos ao valor humano do individuo como función creadora, atopamos a razón do medramento da riqueza gandeira galega que di o devandito cable.

Por outro lado, aténdonos a este principio, atopámonos que a emigración ao empobrecer o noso país retrasou o seu rexurdir nacional, e podemos afirmar en consecuencia que de non haber emigrado a nosa xuventude, tempo fai que houbéramos escangallado na nosa terra o telderete do centralismo hespañol.

Os hespañoles para xustificar a emigración galega, crearon a lenda de que somos un povo abúlico e sen iniciativa. Solene parvada!...

Tamén din que somos un povo viaxeiro... Frases consiñas para xustificar o inxustificábel, como aquelle famoso "mosaico español" para tapar as distintas nacionalidades da península a o "regionalismo sano y bien en-

tendido" para combater o arredismo; mais deica agora, os gobernos e povos hespañoles foron e seguen sendo centralistas.

A verdade é que o problema da emigración, prantexado como tema literario no cal a saudade xoga un papel moi atractivo, non carés de certa beleza, mais levado o problema a súa fase económica, única razón que move aos povos e emigran dende que o mundo é mundo — resulta unha verdadeira peste mortal para o noso país a tal ponto, de que ben poidéramos empregar a sentenza de que, ou ben Galiza fina coa emigración, ou a emigración acabará con Galiza.

O povo galego emigrou dende o intre en que deu comezo o seu calvario nacional coa perda da súa liberdade a mans dos reis Católicos.

Obrigouse baixo pena de morte aos señores feudais donos das terras do país galego, a morar na Corte de Castela e con eles, fóronse as rendas e a riqueza de Galiza e os nosos labregos, ao sometérense non acharon outro camiño máis axeitado, que botar a fouce ao lombo e iren en bandadas a queimárense os figados nas chanuras casteláns para poderen nivelar a súa homilde economía.

Despois ven a emigración en serie as Américas.

Milleiros. Dúcias de milleiros. Centos de milleiros de galegos escitados na Arxentina, Cuba, Uruguay, Brasil..., tantos como en Galiza!...

As nosas grandes institucións mutualistas de Habana e Bós Aires, son as meirandes e fortes do continente americano i elo, dá unha idea aproximada do que somos capaces os galegos en punto a capacidade de orgaización.

Nós temos fé ausoluta nas virtudes des do noso povo e por e'o, temos fé no rexurdir vigoroso da nosa personalidade nacional, pois sería estúpido supor que Galiza vai a seguir sendo criadeiro de carne para emigración.

A nosa xuventude en ves de emigrar ten que abrirse camiño cara formas novas no económico e no cultural da vida galega, pousadas na conquista da nosa liberdade nacional, único viero que levará a Galiza a ao seu povo a unha realidade de riqueza e benestar social.

Centro Orensan

NOVA XUNTA

O sábado 10 do corrente mes, o prestixoso Centro Ourensán celebrou asamblea Ordinaria i eleccións para renovación de membros da Xunta Direitiva que cumprían o seu período reglamentario.

Antre os membros saíntes estaba o presidente Don Claudio Fernandez que tan brillante actuación tivo nos dous períodos que exerceu o cárrago. Así o recoñeceu a Asamblea que o fixo ouxeito dunha afervorada eispresión de respecto e simpatía ao erasurar-se a sesión. No seu reemprazo foi eleixido o bo galego e vello militante na nosa coletividade Don Luis Guede.

A nova Xunta Direitiva do Centro Ourensán para o período 1945-1946, ficou constituída así: Presidente, Luis Guede; Vice, Antón R. Rodríguez; Secretario, Xeral A. Fernandez Prol; Secretario de Cultura, Enrique A. Gonzalez; Secretario de Propaganda, Alexandre Campiani; Secretario de Actas, M. Fernandez Vide; Tesoureiro, Francisco Fernandez; Pro-tesoureiro, Lois Doallo; Contador, Xesús Sinde; Intendente, Nicanor Ocampo; Vogais: Xosé Barreiros, Xosé Ramos, Xosé Vergara, Xosé M. Truza, Camilo Gonzalez i Edoardo Gonzalez.

Con tan boa Xunta, e de maneira especial, coa colaboración de homes tan ativos e intelixentes como Fernandez Prol i Enrique A. Gonzalez, o novo presidente Lois Guede ten asegurado un amplo éisito que lle auguramos e desexamos para ben do prestixioso

Centro Ourensán, cuxe outa e brillante labouira tanto e tanto ben honrado o nome galego nestas terras.

Unha Arroutada de Mal Gosto

Lemos en "Galicia" con data 24 de marzo, páxina tres i en caracteres destacados, este penoso tídoo d-un artigo firmado pol-o señor D. Araujo: "Por qué se desprecia a los gallegos?"

Decidamente, nós non finamos d-enxerguer en que se funda o señor Araujo para facer tan descabelada afirmazón máis aínda que, apesares do tídoo de marras e o artigo en cuestión, nada acrrara nin discurre que teña relación nin xustifique semellante encabezamento.

Nós dende xa, non iñoramos que hai galegos que pol-a súa falla d-escrúpulos morais que atentan contra os principios que rixen a sociedade, son merescentes do desprezo das xentes, máis estes casos, tanto se dan antre os galegos, como antre os ingleses, franceses ou chinos, máis caen tamén na sanción universal do desprezo, todos aqués galegos ou non, que dominados por un vergonzoso complexo d-inferioridade non fan honor á súa Patria nin traballan pol-a súa liberdade i engrandecimento.

A todo isto, é doroso observar, que ben sexa por descoidos ou outras causas alleas — que

PERIODISMO

Chegou as nosas mans, o derradeiro número da revista catalana "Ressorgimnt", que con tan bon acerto dirixe o destacado periodista H. Nadal i Mallol. Contén este envío, que pertence o mes de marzo, notables traballos encol de problemas cataláns e xerales. De entre eles destácase unha interesante conversa, a toda paxina tida co noso irmán Prada, pol-o señor Nadal i Mallol, relacionada cos problemas políticos de Hespania cas entrevistas tidas por Prada con eminentes personalidades cataláns, residentes en América, na súa recente xira o través do continente americano, e do que os nosos lectores están enterados.

Garnecen tamén, a revista unos fermosos grabados reproducindo costumes e paisaxes cataláns.

remos creer — a toda mala intención, se rexistren feitos como o que comentamos pois enxerguemos que á irresponsabilidade non é o que máis s-axeita á un periódico que como "Galicia" é o órgao d-espresión das sesanta sociedades que compoñen a Federación de Sociedades Galegas.

Cam'sería de
mesura fina

PREZOS B6S

BRIGO

Sáenz Peña 14 - Bós Aires

ENCOL DA NOSA MISIÓN

Dixemos repetidamente: "O Consello de Galiza exerce un dereito indisputable e un deber ineludible. Pero non é propiamente un Goberno formado no estranxeiro para chegar a Galiza dispois da liberación e sentarse na cabeceira da mesa servida. Eso, non. Alá están os que deben ocupar todos os postos de honor e nós soio aspiramos a merecer a súa confianza e representación no exilio, para non ser repatriados como cadáveres políticos".

Esto dixemos dispois de medir, a conciencia, o significado de cada verba. Pero aquel tópico non foi ben comprendido e xa chegou a hora de que sexa explicado.

Nin usurpamos os postos de ningún nin a nosa bandeira lle foi arrebatada das mans a ningún. Claro está que calquera galego ten tanto dereito coma nós a defender a personalidade de Galiza, e por eso mesmo a nosa decisión está fora de toda disputa. Outra cousa é o deber ineludible que pesaba sobre as nosas conciencias, porque éramos, e aínda somos, mandatarios políticos do povo galego e por ende depositarios da súa derradeira expresión de vontade. Esta peada obriga acada por igual a todos cantos fomos elixidos polo povo galego nas derradeiras eleccións xerais e auspiciamos a xornada plebiscitaria do día 28 de xunio do 1936, comprometéndonos a defender nas Cortes da República o Estatuto de Galiza. Por eso dixemos que o Consello de Galiza exerce un dereito indisputable e un deber ineludible.

Pero tal vez pecáramos de modestia ao dicir que o Consello de Galiza non é propiamente un Goberno, porque como algúns exgobernantes no exilio coidan celosamente a súa categoría pasada, anque a arca non representen a ningún, son capaces de mirarnos por riba do homebreiro e creeren

que a nosa representación é inferior á d-eles. Nós carecemos de títulos ostentosos — eso é verdade —, pois non fomos ministros nin daríamos dous cartos por selo; pero a representación que ostentamos no exilio é auténtica e verdadeira, cousa que non todos os exgobernantes poden dicir.

Galiza non chegou a disfrutar da súa ben gañada autonomía e, polo tanto, non puido ter un Goberno propio, que agora no exilio se mantivese en pé, asistido pola opinión democrática do propio país, tal como se mantén o admirable Goberno Vasco, con ese espírito de continuidade que a nós tampouco nos faltaría en caso semellante. Pero a falla de antecedentes gubernamentais de Galiza non era motivo d-abondo para deixar de manter e defender os dereitos do povo galego, nin de ocupar en Galleuzza o posto de honor que se nos reservaba. Foi así que creamos o Consello de Galiza como recurso de urxencia, limitando as nosas funcións ao fin máis nobre e dificultoso que pode perseguir un Goberno en desterro: aglutinar aos connacionais emigrados e merecer a confianza e representación do povo amordazado.

Dixemos que non éramos propiamente un Goberno formado no estranxeiro para chegar a Galiza dispois da liberación e recibir de mans do povo as rendas do poder, aducindo, para tamaño premio, o mérito de ter sufrido un longo desterro, porque o peor desterro de todos é o que padecen os galegos do interior. Quixemos encher as funcións d'un verdadeiro Goberno estraterritorial, porque así o eixía o compromiso do noso

deber e a eficiencia dos nosos propósitos, pero coa reserva de someternos mañán ao xuício que ineorablemente se abrirá para todos. ¿Fixemos ben ou mal ao presentarnos c-unha modestia tan desusada? Lede o seguinte treito, sacado d'un informe fidediño, que acaba de chegarnos, e logo ditaminade: "En Hespaña existe a convicción de que a representación das forzas democráticas que aitan no estranxeiro, non refrexa o estado de opinión que realmente teñen os elementos residentes no interior do país. Estímase que o futuro político do novo réxime debe ser determinado polos que aíquí permanecen en dereito contacto cos problemas". Podemos dicir orgullosamente que este aviso non vai con nós, senon cos que pretenden volver a gobernar, descontando a opinión dos povos hispanos e das súas forzas democráticas, como si non houbera máis Hespaña que a que vive no desterro. Pois ben; nós nin somos exgobernantes nin soñamos con gobernar, porque non os consideramos insustituíbles; pero pretendemos, ser, no exilio, a representación fiel do povo galego, falando no seu nome e por espresa vontade dos seus grupos políticos, porque só así non seremos repatriados como cadáveres.

Os compoñentes do Consello Galego viñáramos a esta parte de América por ser a metrópoli ideal d-una Galiza libre buscando refuxio e quente fogar na estensa coledividade de emigrados galegos. Algún repúblico se bulrou da nosa devoción polos emigrados galegos, porque os antigos residentes (así se lles chama) non teñen dereito a inmiscuirse na dirección política do seu nativo país.

Pero nós sabíamos que os emigrados galegos son unha parte viva e entrañable da vida social e económica do noso povo e non poden deixar de selo igualmente da súa vida política. Nós sabíamos que alá se conta con eles. Imos demostralo con algúns tests. No programa do Partido Galeguista figura a seguinte proposición: "Estudo d-unha fórmula que permita aos emigrados ter representación directa na organización política de Galiza". No antepreito de Estatuto de Galiza, aprobado polo republicanismo galego en 1931, leese o que sigue: "Os emigrados en países de América poderán elixir representantes (refírese aos deputados do Parlamento) na mesma proporción que os residentes en territorio galego". E no Estatuto autonomista, plebiscitado polo povo e presentado ás Cortes de República, volven a ser lembrados os emigrantes no párrafo seguinte: "una Ley especial de la Región determinará la... forma en que los gallegos residentes en el extranjero, que no hayan perdido la condición de españoles, podrán estar representados en la Asamblea". Esto abonda para tapar a boca aos repúblicos que hipocritamente desprezan a nosa representación, porque, según eles, soio se basa na vontade dos antigos residentes, tratando de facer creer que a representación d-eles está por riba da nosa.

Eu dixen no meu album "Galicia Mártir", dirixido aos galegos que andan polo mundo: "Estas estampas, arrincadas da miña propia door, van dirixidas a vós, que sempre amáchedes a liberdade e sodes a única reserva que nos que"

da para reconstruír o fogar desfeito". Confeso que cicáis fose eisaxerado, anque sinceiro, na decisiva importancia que lle concedía aos emigrados galegos; pero contando coa súa adhesión podemos afirmar que no exilio, hoxe por hoxe, non hai ningún repúblico que conte c-unha representación tan respetable como a que ostenta o Consello de Galiza, que eu presido. Este orgullo pode ser permitido cando endexamais traspasamos os lindes da vanidade.

Pero agora ocorre, amigos e irmáns, que non sementes representamos a vontade autonomista e republicana de moitos miles de emigrados galegos, senón que, ademais, contamos co asentimento e adhesión da propia Galiza, que así nolo manifestou de modo solemne e inequívoco. O povo galego vive espranzado e máis disposto que nunca a defender a súa personalidade, en alianza cos demais povos de Hespaña. Está asoballado e tollido para espresar libremente os seus anseos de restauración democrática, de autodefinición política e de unión federativa; pero está organizado e preparado para superar as obscuridades do tránsito... En nome da Xunta Galega falará o Consello de Galiza, e agardamos que os repúblicos sepan estimar a nosa representación, porque d-outro modo lamentariámos, non por nós, senón polo que eles aínda poden representar.

Nós estamos dispostos a integrar, como membros de Galleuzza, a unión concertada de todos os grupos democráticos hespanos, para reflexar no exilio a opinión dos elementos residentes no interior. Desexamos vivamente a concordia de todos e rogámoslles que abran os ollos e contemplan as realidades que esta hora nos brinda.

CASTELAO.

Regostos de Monarquía

POR
LUIS TOBIO

las e as máis ficaron a medio facer. Cando volva, ten que facer o que non fixo. A república endexamais foi unha realidade no senso preno: sigue sendo unha esperanza. Veleiqi a responsabilidade dos dirixentes do republicanismo.

O povo, co seu acerto pra calificar intuitivamente as cousas, nunca veu na república unha forma de goberno por enriba de todo; eso, si cadra, nin o vía. Vía un programa de contido que esperaba que a república ía íba a realizar. E foi na realización d-este programa de contido onde a cousa fallou, en boa parte. ¿Por qué? Porque moitos, a mañra dos que se encargaron de instaurar e botar a andar a nova estrutura tiñan e teñen mentalidades monárquicas. Non

que sexan partidarios da monarquía como forma política, no que ten de esterno, eso non; máis porque adoitan a s'enfrentaren cos problemas de xeito que non difire moito, na informa e no fondo, có que primaba entre os políticos dos tempos monárquicos. E pra ese viaxe — pode dicir e dí o home inxel da rúa — non precisábase alforxas. Fora da laicización, e algunhas cousas máis, qué é o que foi acometido coa enteira e resolutoria decisión de liquidar un problema sustancial pra a vida do país?

Todo foi tímido, incompleto, axiña esquivado, desnaturalizado. Seguían a política dos gran-

des xestos terroríficos e das ningunhas realizacións, "lingoas sin mans". A política de rabuñar e picar ao nemigo e deixalo con todas as súas forzas: xusto o contrario do que compriría facer. Así nas reformas militares, na reforma agraria, en todo. Irritalo en non matalo. Era baixo formas xacobinas a pasta flora da monarquía restaurada que sobrevivía nos que se formaran e criaran na época e na política e nas Cortes da monarquía restaurada. Levaban impreso o seu carácter. Non se esquece tan de contado aquilo a que un está afeito, os hábitos e costumes adquiridos. E logo había as lembranzas. Moitos republicáns d-eses lembran hoxe aínda con nostalgia aqueles brandos e doce tempos dos partidos turnantes que veñen envoltos na música de "La viejecita" ou de "El puño de rosas". Canto máis fácil e agradable non era facer de "enfant terrible" ou de comedido opositor n-aquelas cortes de señoríns enlevitados cando non de propio señorín enlevitado que enfrentarse nas repúblicas cóos terribles e rexos problemas cuia solución esperaba da república a masa popular!

Onde se ve ben ese regosto monárquico nos homes, nos máis dos homes da república é no problema das autonomías nacionais. Moitos d-eles pensan n-iso do mesmo xeito que os homes da vella monarquía. Algún de beizos afora, porque coidan que o oportunismo político así o aconsella, falan as vegadas en

termos máis ou menos aceptables. Pero mal será que n-algunha ocasión non descubran a orella. Non hai un fondo penetrar e comprender o problema, sinón banalidade e superficialidade, un dos raros que comprendían o problema foi o Azaña. O seu prestixio fixo moito pra que outros seguisen neso as súas indicacións; mais era semente un sentimento gregario é non un convencimento o que turraba d-eles.

Hai que voltar ao senso etimológico da verba república, ben xeral, ben de todos, do povo. Goberno do povo segundo o que o povo é, e o que o povo quer, e necesita. Non seguir esquemas mentais alonxados de realidade, esquemas formados na escola da vella monarquía, dos seus conceitos e propósitos que nada tiñan que ver — ou non en primeiro termo sinón secundariamente — coas realidades fondas e auténticas. Esas realidades amosan a primeira ollada na Hespaña a eisistencia de varias nacionalidades que non se poden contar no seu desenrolo e dereito a vida sin que a estreitura política sexa unha cousa falsa, de gabinete, rifada coa vida real. Mais esto non acaba de entrar no miolo de moitos republicáns, porque son semente republicáns de forma de goberno — o que non é nada — ou d-algunha outra cousiña máis sin maior importancia, e porque siguen sendo de mentalidade monárquica, a oposición de "Su Majestad", e consciente ou inconscientemente aspiran a continuar o que era o mundo oficial da monarquía restaurada.

(De "El Orensano").

Casa OTERO

PLACAS RADIOGRAFICAS

Artículos de Calidad "ELIOT"

PARA FARMACIAS Y HOSPITALES

AGUJAS Y JERINGAS HIPODERMICAS

CATGUT, GUANTES, etc. - PERFUMERIA

General Urquiza 624

U. Telef. 45. Loria 8273

E moi doado falar de republicano e dicir que un é republicán dende os pes a cabeza; máis o selo de verdade, o pensar e o sentir — sobre todo o sentir — como compre a un republicán, non ten ren de fácil. Unha ollada detida e ouxetiva ao panorama do republicano hespanol abonda pra se dar conta d-esta manifesta verdade. De certo que cando se fala de república e de republicano non se quer — e non se debe — facer simpres referencia a unha forma de goberno, sen máis. A forma de goberno, como tal forma valeira de contido, non diz gran cousa. Ademite moitas posibilidades, unhas boas e outras malas, e tomando en ausoluto, sin avencellamento coa realidade de cada tempo e lugar, non hai forma de goberno que sexa, por sí, enteira e ausolutamente condenable ou louvable.

Hai monarquías louvables e hai repúblicas condenables. Pra a Hespaña a monarquía é condenable e repudiable sempre, por que a súa significación hestórica, o que en sí leva e arrastra resulta contrario aos intereses do povo. A reiterada esperanza dos derradeiros anos así o proba. Pol-a contra a república leva — ou debe levar — xermolos de soerguemento i-elo faina merecedora de que atire a adhesión e devoción dos cidadáos. A república é un réxime caxque inédito, caxque virxe entre nós e que por eso ten diante de sí infinitas posibilidades, infinitos vamiños. A monarquía xa sabemos o que da de sí. A república nos curtos e desacougados anos que rixeu en Hespaña, fixo algunhas cousas boas, outras mal-

O Banquete do C. Orensano Celebrando un Novo Aniversario

Resultou unha verdadeira demostrazon de auténtico e afervorado galeguismo

O sentido profundo da ialma galega, latexando na tradición e apuxando por trocarse en realidade social, política, económica e cultural — recollido d-un xeito total, leal e agarrado — foi posto en altitude de presenza i en tensa afirmación cara o futuro no grande acto con que o Centro Orensano celebrou o seu IV° aniversario.

A colonia galega, representada polos dirixentes dos grandes centros, e presidida polo Consello de Galiza, os persoais de Euzkadi e Cataluña, a representación do "Centro Republicano Español", e coa presenza da prensa de Bós Aires, rodeou a mesa do decano e guieiro dos centros provinciais en merecido tributo ao seu sentido fidalgo da hospitalidade, tanto recibida como dispensada, ao seu patriotismo dinámico, comprensivo e fondo, a súa laboureira concreta e construtiva, i a súa cordialidade xenerosa, human e sin fronteiras.

Certamente, a outa significación, o acceso valor espiro i a pura emotividade vivida, que foron atributos desta magnífica celebración, fuxiran a capacidade dispositiva desta crónica.

A nosa pena corre ao longo do papel movida aínda pola emoción que enche o peito e fai bater de presa o corazón. Non podemos apartar do noso presente todo o que tivo de presente e de futuro aquel acto que, con un gallo conmemorativo, o que fixo foi afirmar vontades e fé, i esperar concenacias prantando novos fitos e abrindo anchos camiños cara o porvir: Un porvir de liberdade e cangado de promesas para a Patria Galega; un porvir de entendemento e colaboración hispánica; un porvir de solidariedade e concordia human.

A casa dos ourensáns, trocada en auténtico anaco de Galiza, en pazo enxebre, en palpitación viva, forte e fonda da Patria Galega, dou o día cinco deste mes unha mostra da galeguidade enxebre que arde nos corazóns das xentes de Ourense, trocados nese día de festa en altar votivo onde se ofician, posta a ialma de xonillos, a ofrenda de canto un povo pode atesourar de máis outo, máis fondo e máis puro na ucha dos sentimentos e dos inmortes recordos, fidel e agarradosamente gardados,

herdo recibido dos antergos e manda para os que teñen de vir.

As verbas do Secretario, señor Saco, fixaron con valentía e unha núa sinxeleza a calidade i-o xeito, enxebre aquí e limpo íste, con que o núcleo de emigrados que erguen e puxo a camiñar o "Centro Orensano" souberon ser fideles ao espírito i-a tradición do noso povo, i-os aneiros de rexurdimento e de liberdade da nosa Terra. As súas manifestacións apuntaron con xusteza as nosas inquedanzas patrióticas, as nosas arelas de porvir espiroais, i-o sentir cordial, aberto e universalista do noso povo e da nosa cultura.

Unha emoción nova, que colocou esta celebración un marco de maior amplitude, douna o Sr. Lasarte, anunciando a nova política hespañola emprendida por "Galeuzca", que tiña unha outa representación naquel acto ao sentarse a beira do Presidente do Consello de Galiza os persoais de Euzkadi e Cataluña.

DISCURSO DO DOUTOR LASARTE

O doutor Lasarte empezou o seu discurso cunha interpretación do escudo que serve de emblema ao "Centro Orensano". Sinalou que o río i-a ponte son expresións da realidade permanente e biolóxica na que o senso práctico e de constanciación coa Patria, se afirma; namentras que as andurriñas voando simbolizan o ensino creador i-o alento cordial de solidariedade e confraternidade human. Os ourensáns brindan un exemplo da máis cumprida humanización: o povo i-a terra amorosamente fundidos. Os pés na terra i-a cabeza outa: velahí como se é realista e soñador ao mesmo tempo. Como se sente a realidade das cousas i-a realidade do espírito. Como se pasa de vivir os problemas nacionais a comprender as custións internacionais e do sentimento de tolerancia, solidariedade e afeitosos concordia entre os homes, a igual correspondencia de disposicións e sentimentos entre os povos.

A mín, intéresame, como vasco, facer eiqüí unhas declaracións terminantes: Nós, os vascos, estamos unidos dunha maneira firma, dunha maneira cordial e resolta cos galegos e cataláns nun pacto que se propón un cambio fundamental na

O Sr. Serra Moret, reafirmou as verbas do Dr. Lasarte e augurou unha Hespaña millor, vivindo a súa propia realidade plurinacional e libre das imposicións e abstraccións do centralismo.

Castelao, co seu fino humorismo, fixo revivir a realidade ourensá. Ao conxuro da variada máxica das súas verbas vimos erguerse diante de nós persoaxes, xurdir esceas labregas ou mariñeiras, i-a Terra borracha de sol ou envolta no misterio d-unha orballeira, tan fina, tan sutil, que non se saiba se desce do ceo cara a terra, ou sube desta cara o ceo.

Castelao dou remate ao seu discurso pesando na romana do seu razoamento o grande valor histórico de Ourense na vida da Patria Galega, e chegando a conclusión lóxica de que o "Centro Orensano" é, na emigración, o trasunto leal, o metacentro, que recolle o cardíaco latexar da Terra.

política do Estado hespañol.

GALEUXCA é, ademais dun pacto de unión, un programa político para Hespaña, e aspira a selo para toda a Península.

Hai quen quere empequeñecer as aspiracións de galegos, vascos e cataláns atribuíndolles miras egoístas. Ocorre periscamente todo o contrario. A política de Galeuzca encamiñase a creación dun Estado Peninsular, formado por libre concerto dos povos, e que respete e garantice a autodeterminación de cada un deles. Soio así se pode chegar a unha armonía hespañola e crear

Alguns conceitos do discurso que dixo o Sr. Valeriano Saco, Secretario do "Centro Orensano"

O Sr. Saco comezou saudando ao Presidente do Consello de Galiza e aos membros do mesmo, así como as delegacións de entidades irmáns e as presentacións vascas e catalanas, e desguadala entra de cheo na súa magnífica exposición, que se caracterizou polo seu afervorado patriotismo galego e outura de miras. Veleiqüí: "A felis inspiración de crear unha institución forte, capaz de eisaltar dun xeito eficaz as figuras históricas da nosa Patria, de anovar a memoria dos seus feitos e acadar un maior coñecemento das súas cencias e das súas artes nestas nobres e acolledoras terras americanas, mantendo desamaneira os vencellos que a elas nos unen, é o motivo que determina esta oportuna reunión, que tende ao axuntamento das almas e dos pensamentos de quenes concibíramos a materializáramos tal idea.

Nas ignes proclamas da súa constitución, nos seus informes e declaracións dos seus primeiros directivos, así como na actividade práctica da súa laboureira, oúservase con transparente claridade o rumbo das súas intencións i a finalidade dos seus principios, nos que se ollan como pensamento dominante a UNIDADE DOS GALEGOS CEIBES, o nobre aneiro de PODER CONTRIBUIR A FORMACION DUNHA UNIDADE MORAL ANTRE O NOSO AMADO POVO GALEGO, que, labourendo pol-a reintegración da súa persoalidade histórica, forme parte en plan de igualdade, dunha Hespaña republicana federal, para millor axudar aos fins da civilización e aos aneiros de pas antre os povos co seu eficaz e xeneroso concurso...

Noutro parágrafo, refiríndose a laboureira feita polo Centro di: "Anque o realizado é pouco comparándoo co que aínda fica por facer, non pode fuxir a consideración de ningún galego sineiro o vasto plan "CULTURAL, MORAL I ECONOMICO" que xa levamos cumprido. Somentes poñeremos eiqüí de bulto o brillante Funeral Cívico

Discursos de José María de Lasarte, Alfonso R. Castelao e do Segretario do Centro Señor Saco

un Estado forte e prestixioso.

Nin siquera se trata de molestar a Castela, que sofre como os demais povos os erros do unitarismo; trátese de obrar con cordura e tendo en conta os feitos que a realidade pon diante de nós: Hespaña non é uniforme; en Hespaña hai varias nacións; pois ben, estes feitos non poden ser descoñecidos; hai que telos en conta.

Outra cousa que quero facer resaltar é a unión, a plea concordancia i-a cordial e íntima compenetración que eiste entre vascos e galegos.

Hoxe temos eiqüí na cabeceira desta mesa ao Presidente do Consello de Galiza, ao voso Castelao, ao noso Castelao. Este Castelao que xa non vos pertence por inteiro, pois pasou a ser unha das figuras centrais de Galeuzca, e ten de cangar coa responsabilidade da súa política de grandes voos peninsulares e de xenerosa comprensión human.

Pol-a miña parte non duvido en declarar que é tan fonda a simpatía, o afeito que eu sento por Castelao, que o sento tan noso, que se os vascos non tivéramos o noso lendakari Aguirre, eu desexaría que Castelao fose o noso lendakari. (Unha delirante ovación premiou esta cordial declaración do Dr. Lasarte.



Cabeceira do banquete celebrado polo Centro Orensano

DISCURSO DE ALFONSO R. CASTELAO

Comezou decindo Castelao que ía falar en dous tons: un humorístico, para por unha nota leda neste xantar galego, feito na benquerida terra argentina, na que os galegos nos atopamos a gosto nunha conxunción de afe-

tos e respetos que tan íntimamente nos avencellan a este país i-os seus fillos. O outro tón será de serea afirmación a prol do que Ourense representa no seo da Patria Galega, e o que este "Centro Orensano" representa

na nosa coledividade.

Cantou, Castelao, as eiseleccións do viño do ribeiro, viño que fai soñar e fai poesía. Viño que encende e alumea o espírito, e deixa o corpo sán. El quixera brindar con aquel viño de cepas vellas, feito en cubas vellas, e sentir formiguxear na gorxa as agullas do caño. E recordou que na terra de Ourense abandonan os poetas, como o tiña demostrado nunha curiosa estadística feita por Otero Pedrayo. Foi sorprendente atopar nunha época douscentos e cincuenta poetas na provincia de Ourense, e outros tantos... sospeitosos.

As verbas de Castelao puxeron diante dos ouintes a realidade galega, coma se dun pulo fosen transportados a veira do Miño, as chauras do Limia, ou ao curuto de San Mamede e da Queixa. Ollábase a vida campeña e sentíase a harmonía da nosa paisaxe. A xente ría, aplaudía e deixábase roubar por un mareio de felicidade.

Unha ringleira de "cousas", con ese inimitable retintín, con aquela minucia de detalles, nos que prende a gracia e alumea o xenio, tonificou de fina espiroalidade o acto e doulle categoría de comunión coa Terra.

Dispois, Castelao, pasou revista as grandes figuras i-os grandes feitos históricos que dan rexa persoalidade a Ourense na vida da Patria Galega. Non en séculos, senón en milenios midense no tempo a súa rexa atilidade civil, a súa creación artística, o frorceer en sacrificios exemplares de seu patriotismo heroico e indomeñable.

Hai no povo de Ourense —di-xo Castelao— un fino don de xentes, e unha especial tónica política, dotes que o levan a

trunfare na súa vida de negocios e nas súas empresas colectivas.

Eiqüí, en Bós Aires, os ourensanos levantaron este Centro, que, dende o primeiro día convírtese no niño quente onde a galeguidade se acocou e cobrou pulos de proselitismo e senso para levar a cabo unha laboureira patriótica de grande alento. Os seus catro anos de vida están acogulados de feitos trascendentes, de feitos que para decote ficarán rexistrados na historia do noso povo. Dun pulo o "Centro Orensano" púxose a cabeza da coledividade galega, non soio do Plata, senón de toda América: A Irmandade Galega viveu no seu seo, os centros provinciais xurdiron ao seu exemplo, os grandes actos patrióticos saíron da súa iniciativa e contaron coa súa enteira colaboración, esto cando non foron obra eisclusiva dele.

Pero hai feitos que eu me sinto na obriga de poñer de bulto dun xeito especial; a gratitude mándame facelo así: Eu fun recibido nesta casa, non soio cos brazos abertos, senón con honores de persoeiro da Patria Galega. Honróuseme co título de socio honorario, e o Centro editou o meu libro "SEMPRE EN GALIZA", que é o meirande servizo que poidera facerme nestes íntres tan únicos na vida e para o porvir da nosa Terra.

O "Centro Orensano" é, certamente, pol-a súa intuición política, pol-o seu fino taito social e pol-a súa fondura patriótica, un fidel trasunto do povo de Ourense.

Esta mesma celebración pon a vista de todos que a laboureira dos ourensáns trascende o marco provincial e inda vai máis alá dos lindes de Galiza e de toda a Península. Hoxe celebramos o IV° aniversario do "Centro

Orensano". Pero a coledividade galega está eiqüí representada na totalidade dos centros, Galeuzca aparece en pleo cos persoeiros de Euzkadi e Cataluña ao lado do Consello de Galiza, e para que non falle nada no conxunto hispánico, está a Delegación do Centro Republicano Español e a presenza da prensa argentina.

Esta celebración é, certamente, un acto afirmativo do novo impulso vital que Galeuzca trae a política peninsular e ao ideal hispánico. O "Centro Orensano" naceu baixo ese sino de fondura histórica e de proiección human cara o porvir que xa alboraxa. E' ísta, pois, a comunión dos ourensáns coa Patria Galega, co hispanismo de Galeuzca e coa humanidade libre e xusta do mañán que todos desexamos.

Unha delirante ovación fechou o discurso i eispreou a súa gratitude ao persoeiro máisimo da Galiza inmorrente.

"A OUTRA GALICIA"

Por
ANTON VILARIÑO

dores políticos. A nosa madurez, o noso aprendizaxe da "arte de ser galegos" atopou o fervor preciso pra que os froitos callasen. E, cando a traxedia feixista fixo rodar as testas máis esgrevias do movemento libertario, xa non quedaron rastros d-aquel lirismo vagaroso da primeira hora. Oxe, podémolo decir con toda a voz, cada emigrado galego é un soldado disposto a crebar as infamantes cadeas que sofre a Terra nai. Pasou o íntre en que escoltábamos con ledicia ós apoloxistas da nosa tradición, das belezas da paisaxe labrego ou mariñán; da música ou da plástica nativas tan orixinales no seu rexo primitivismo. Postos n'un prafillo toda a riqueza artística, toda a nosa tradición, frente a liberdade que temos de conquistar oxe, non dúbidaíamos o sóo ístante en desbotar a primeira si élo fora preciso pra darlle á nosa Terra a liberdade; pra facerlle sentirse dono do seu oxe e mañán ó noso povo, e pra que os nenos galegos non sexan embarcados ó extranxeiro, superproducción human errante en procura do dereito de vivir. Por outra parte, temos suficiente fe no poedr creador da raza, pra adivinar do que será capaz n'un futuro de liberdade pra asombro do mundo do porvir.

Que os leguleiros da prósima república desboten as súas ilusións imperialistas, pois si trátasen de engañar o noso povo unha vez máis, aquí estamos de pé os galegos emigrados, concencia viva de Galiza, pra impedir que eso suceda. No plebiscito que se levará a cabo na Terra a nosa voz ten que ser ouvida, pois representa á Galicia inmorrente, á que se sinte vivir e loita por ser; á dos homes que adicaron os seus millores sonos e vixilias no drama da nai ausente. A dos homes que desentrollaron o seu corpo e espírito na libre brisa de América. A dos homes que aprenderon en si mesmos o drama da ausencia e do trasplante cruento na hora indecisa da nenez... A dos homes que, polo que fica dito, garbámosnos de ser a viva concencia política da nosa Terra, o que nos dá dereito a sentirnos os gardadores dos seus sonos de liberdade. Pra que os nenos galegos do porvir non teñan que fuxir do seu fogar, pois sóo nós sabemos o que significa na vida do home a brutal separación do fogar nacional.

Por eso, decímoslles os leguleiros da "nova" Hespaña que agardan na sombra o íntre de tender a punta, que coiden ben o que fán, pois non permitírmolos que naide sexa xuez dos nosos problemas nacionais, nin menos estamos dispostos a menor renuncia que toque a nosa soberanía de povo libre...

CASA SIERRA

Grandes Establecimientos Funerarios

Callao 255 — Foo. Lacroze 4168 — Rivadavia 6602
Córdoba 5375

TELEFONOS: (54) Darwin 7000 - 1363 - 9000 y 1020
(38) Mayo 6056 — (63) Voita 7000

Sucursales en V. López, Olivos, Martínez y San Isidro (F.C.C.A.)
(CONCESIONARIOS DO CENTRO GALEGO)

O seu TRAXE

O seu SOMBRERO

A sua CAMISA

A sua ROUPA INTERIOR

MERQUEOS EN:

CELTA

FEDERICO LACROZE 4083

UNHA CASA
ENTEIRAMENTE GALEGA

Ficou Constituída en México unha Forte Ponla de Galeuzca

Na edición de A NOSA TERRA correspondente a xaneiro deste ano, dimos a coñecer o texto do Pacto de Galeuzca signado en México por outros persoais dos núcleos galego, vasco e catalán, texto que nos fora adiantado por vía aérea.

Here podemos aferecer aos nosos lectores ampla crónica do solene acto feito na cidade de México, no que foi signado a dito Pacto. Tan importante acto tivo amplo espallamento nos xornais e radios daquela capital. Do portavoz da Comunitat Catalana de México, "El Poble Catalá" traducimos a información seguinte:

ACTA DA SESION DE SIGNATURA DO PACTO DE CONSTITUCION DE GALEUZCA

Na cidade de México, o día 22 de decembro do ano mil novecentos coarenta e catro, as once e meia da noite, no Roof Garden do Hotel "Majestic".

Reuníronse en xuntanza solene as representacións da Comunitat Catalana de México, Partido Nacionalista Vasco, Partido Galeguista, Esquerra de Cataluña, (Secretariat de mili-

tants), Acció Catalana, Partit Socialista Catalá, Estat Catalá, Unió de Catalans Independentistes, e Solidaridade de Traballadores Vascos, para signar o Pacto de Galeuzca e constituir o organismo do mesmo nome, según o texto e os acordos feitos conxuntamente pol-as poñenzas catalana, vasca e galega, que previamente foran nomeadas con este fito.

A PRESIDENCIA

Presidíron as bandeiras nacionais de Galiza, Cataluña e Euzkadi.

Ocupou a presidencia o presidente da Comunitat Catalana de México, señor Baltasar Samper. A súa veira tomaron asento os señores Julio Jáuregui, secretario da Delegación do Goberno Vasco; Xosé Carner, vice-presidente do Consello Nacional de Cataluña; Xoán López-Durá, delegado do CONSELLO DE GALIZA e presidente da Delegación do Partido Galeguista; Xosé Luis de Irisarri, presidente do Partido Nacionalista Vasco; Xoán Loperena Romá, presidente do Secretariado de militantes



J. LOPEZ DURA

de Esquerra Republicana de Catalunya; Pedro Estapé y Paxés, vice-presidente da Delegación do Estat Catalá; Xosé Soler e Vidal, delegado do Partido Socialista Catalá; Ramón Peipoc i Pic, secretario xeral de Acció Catalana; Marcelino Perelló i Domingo, presidente da delegación da Unió de Catalans Independentistes; e Xosé María Goicoetxea, presidente da Solidaridade de Traballadores Vascos.

Aituu de mestre de cerimonia, o señor Xaime Miravittles; de locutor, o señor Calros Sala, e de secretario, o da Comunitat Catalana.

A PRENSA E AS RADIO-FUSORAS

Da prensa atopábanse presentes: os directores de Euzko-Deya i El Poble Catalá; os repor-

teiros dos xornais mexicanos "Novedades", "El Universal" e o "Nacional"; os correspondentes do New York Times e do Manchester Guardian, de Londres, e os das axencias de notizias Reuter e Telepress. Tamén se achaban no acto os reporteiros das radiofusoras, Radio Mil, de México, Broadcasting Columbia, de Nova York, e BBC, de Londres.

O locutor, dirixíndose a prensa e a radio, anunciou que se atopaban reunidos en xuntanza solene os representantes de partidos cataláns, galegos e vascos, para proceder a signatura d'un Pacto desinado co nome de Galeuzca, en virtude do cal, istos partidos fican comprometidos a prestarse mutua axuda e a realizar unha acción conxunta encamiñada a outar a consagración dos seus respectivos ideais nacionais, restablecendo as liberdades democráticas, baixo o sino do dereito que teñen os povos de Cataluña, Galiza e Euzkadi a súa soberanía. Istos povos libres e unidos, dis, serán a garantía máis firme da estabilidade democrática na Península Ibérica, decisiva para o mantimento da paz en Europa e no mundo.

Galeuzca, segue dicendo, é un anagrama formado por a sílaba primeira de cada un dos tres devanditos países: Gal (Galiza), Euz (Euzkadi) e Ca (Cataluña), asentados naquela Península.

DISCURSO DO Sr. BALTASAR SAMPER

Deseguida anuncia que o presidente do acto, señor Baltasar Samper, eminente musicólogo catalán e presidente da Comunitat Catalana (organismo que con todos os outros afíns que existen con distintos nomes, en todos os países de América, desde o Canadá a Arxentina, en Gran Bretaña, Europa, Arxel e Tunis, na África do Norte, están integrados por cataláns eislados políticos e por antigos residentes, xunguidos todos en comunión espiritual e acción política, por un inmenso amor a Patria asoballada), vai facer uso da verba.

O señor Baltasar Samper, esprime o seu agradecimento as delegacións e representacións dos partidos e organismos presentes, pol-a distinción que lle conferiron a éle i a entidade que representa, de presidir esta xuntanza. Dis que para os cataláns, galegos e vascos, en iste acto solene da signatura do Pacto

O Pacto entre galegos, vascos e cataláns foi signado n-un aito solene e afervoadado

to de Galeuzca, non fai falla aludir as circunstancias e as nobres ambicións que o motivan, pois non é mester convencerse da necesidade de unirse, da xustiza das súas aspiracións e das imperiosas razóns que teñen para velas realizadas. Con iste Pacto convenceremos con aitos, non con frases, aos que nos iñoran ou finxen iñornarnos i aos que nos neguen.

No lacónico e sinxelo preámbulo do Pacto, dis, decrárase que ten antecedentes noutros



JOAN LOPERENA

anteriores. N-efecto, non é unha improvisación do intre en que vivimos, que podería alcumarse de simple manobra táctica; é unha realidade, a ratificación doutras alianzas semellantes, seladas no curso d-estes derradeiros anos, coa sangue dos nosos mártires, os que morreron baixo a destrución de Guernica, símbolo das liberdades vascas, o asasinato do gran Bóveda, guieiro heroico das liberdades galegas, o asasinato do Presidente de Cataluña, Lluís Companys, que son os símbolos inmortes da Galiza, de Euzkadi e da Cataluña, as tres nacións peninsulares perseguidas, invadidas e asoballadas pol-o Estado hespañol despota e unitario, do que é auténtica manifestación o réxime nazifeixista do xeneral Franco.

Esprica e pon de bul'o como os denominados "problemas rexionais" comezaron a gravitar máis e máis sobor da política hespañola, até o fin de non poder os eludir, nen con habilidades de mañosos nen pol-a violencia. Nos intres en que a crise secular do Estado hespañol arrabava a extremos de suma gravidade, o 1923, Cataluña, Galiza e Euzkadi uníronse baixo o sino d-unha triple alianza. Dous días despois, produxose o golpe de Estado do xeneral Primo de Rivera, e ao longo de sete anos todo o país se veu sometido a unha dictadura tan grotesca como funesta. A unión dos povos irmáns foi o fogo que precipitou o estoupar do odio do Estado opresor.

Os patriotas galegos, ao veren ocupada súa Patria e perseguidos pol-as hordas totalitarias capitaneadas por Franco, tiveron unha acollida de irmáns pol-o povo catalán. En terra de Cataluña, reunidas en Montserrat as Cortes da República, os deputados galegos presentaron o Estatuto da autonomía de Galiza, que o seu povo había plebiscitado con gran entusiasmo e por unha enorme maioría de vo-

tos. Os deputados cataláns e vascos prestáronlle toda axuda. O gran Patricio Castelao, un dos principais animadores de Galeuzca, con outros deputados e patriotas galegos perseguidos por Franco, pasou a fronteira catalana cara o eisllo.

Ao lembrar a iniqua persecución de Franco, culminación da serie de horrores cometidos ao longo dos anos pol-a constante represión do Estado hespañol, contra as aspiracións nacionais de Galiza, Euzkadi e Cataluña, catalanes, vascos e galegos, feridos na nosa carne e no máis sagrado dos nosos sentimentos, afirmamos a nosa incommovibel decisión de frustrar definitivamente toda posibilidade ou intento de agresión ou perturbación as liberdades que reivindicamos para os nosos povos. O Pacto que hoxe temos de signar eiquí está inspirado en istos propósitos. Cataluña, Euzkadi e Galiza, máis unidas que nunca, loitan contra Franco e loitarán contra todo outro réxime que se opuxer a súa liberdade e soberanía.

Ao rematar o señor Samper o seu discurso, foi calurosamente apaudado.

SIGNATURA DO PACTO

Foi solenemente lido o texto do Pacto, en vasco, galego e catalán, i a lectura en cada idioma é acollida con palmas. Tamén foron transcritas e lidas as versións do Pacto en Castelán e Inglés.

Procedeuse deseguida, no meio de grande emoción, a signatura nos tres idiomas. Por Comunitat Catalana de México, signa o presidente Baltasar Samper i o secretario Lorenzo Perramón i Playá; pol-o Partido Nacionalista Vasco, o seu presidente Xosé Luis de Irisarri i o secretario Xosé Luis de Lartitegui; por Solidaridade de Traballadores Vascos, o presidente Xosé María de Goicoetxea i o secretario Xacinto Suárez; pol-o Partido Galeguista, Delegación de México, Xoán López-Durá e Florencio Delgado Gurriarán; pol-o Secretario de Militantes de Esquerra Republicana de Cataluña, o seu presidente Xoán Loperena i Romá i o delegado Xaime Senyal i Ferrer; pol-o Estat Catalá, delegación de México, o seu presidente Xosé Soler i Sánchez i o secretario Arturo F. Costa; pol-a Acció Catalana, os delegados Ramón Peipoc i Pic i Xoán Cid i Mulet, pol-o Partido Socialista Catalán, os membros do Consello Executivo, Víctor Colomer e Xosé Soler; Marcelino Perelló Domingo i Jordi Arquer, pol-a

Unió de Cataláns Independentistes. Signáronse trece exemplares en cada un dos tres idiomas, con destiño a cada unha das organizacións signantes, ao Goberno de Euzkadi, ao Consello Nacional de Cataluña e ao Consello Nacional Galego.

CONSTITUCION DE GALEUZCA

O locutor anunciou que, de acordo coa cláusula sexta do Pacto que acaba de signarse, resta constituir o Organismo Galeuzca, encargado de coordinar o cumprimento de Pacto e de dirixir a acción conxunta que as circunstancias eislaxan para a defensa dos dereitos de Galiza, Euzkadi e Cataluña, en total-as esferas e ordens.

Aito seguido proclama que, por acordo das organizacións signantes, o pleo de Galeuzca fica formado pol-os seguintes membros efectivos: Xoán Cid i Mulet, pol-a Comunitat Catalana de México; Xoán Loperena i Romá, pol-o Secretariado de Militantes de Esquerra Republicana de Cataluña; Aveli Artís i Balaguer, por Aición Catalana; Xoán Carreras i Palet, pol-o Partido Socialista Catalá; Marcelino Perelló y Domingo, pol-a Unió de Cataláns Independentistes; Xosé Luis Irisarri, pol-o Partido Na-



J. L. IRISARRI

cionalista Vasco; Xosé Marái de Goicoetxea, pol-a Solidaridade de Traballadores Vascos, e Xoán López-Durá, pol-a Delegación do Partido Galeguista.

Asimesmo se proclama que, por acordo das poñenzas catalana, vasca e galega, forman o Consello Direitivo de Galeuzca os tres presidentes, Xoán Loperena i Romá, en representación de Cataluña; Xosé Luis de Irisarri, en representación de Euzkadi, e Xoán López-Durá en representación de Galiza.

A constitución de Galeuzca e a formación do Pleo e do Consello Direitivo, é acollida con un fechado bater de palmas.

(Pasa a pagina 7)

One-Eleven



EL GRAN CIGARRILLO

AMERICANO

35 cts.

LEONARDO PEREIRA
Encárguelle o seu traxe
É BÓ XASTRE
I É GALEGO
Sarmiento 1495 1er. piso
U. T. 45-5297 Bs. Aires

Constituouse en México..

(Ven da páxina 6)

DISCURSO DO SEÑOR XOAN LOPEZ-DURA

O señor Xoán López-Durá, de legado do CONSELLO DE GALIZA e presidente da Delegación do Partido Galeguista, con verbas cheas de emoción, fai o resumo do aito.

Sauda as bandeiras de Galiza, Cataluña i Euzkadi que presiden e dis que compendian os ideais comúns dos tres povos irmáns, o dereito dos cuas e desenvolver ceibemente as características das súas persoalidades, ningún con razón pode discutirlo.

Dís que Galiza é a chave do futuro Estado plurinacional peninsular, pol-os seus vencellos históricos, lingüísticos e xeográficos que ten con Portugal, e pon de manifesto a afervorada galeguista de que latexa nas coleditvidades de antigos e novos emigrados na América, especialmente en Buenos Aires, que, según a frase do gran Castelao, representa para Galiza o que noutros tempos representou para Irlanda a colonia irlandesa de Nova York. Dís, tamén, que iste afervorado sentimento patriótico fai crecer a pasos axigantados o movemento galeguista en Galiza contra a brutal e terrible represión de Franco.

Dalle lectura a acta de constitución do CONSELLO DE GALIZA, integrado pol-os catro deputados galegos residente en Sud América, Castelao, Alonso Ríos, Suárez Picallo i Elpidio Villaver-

de, e fai resaltar o espírito patriótico e de unidade antifascista das forzas galegas representadas no Consello, e agarda que os compromisos que foren contrados pol-as organizacións do seu país e a solidariedade de inomeabéis mártires, servirán para levar a felis termo a misión que a presente situación histórica do mundo impón ao Consello de Galiza.

Remata facendo resaltar a importancia do Pacto que se acaba de signar a, fai votos pol-a liberdade dos povos catalán, vasco e galego, fechando o seu magnífico discurso con unss VIVA GALIZA, VISCA CATALUNYA I GORRA EUZKADI, no meio das aclamacións da concurrenza.

Astiron ao aito numerosas perscalidades en representación dos Partidos e Organizacións signantes do Pacto, e moitas persoas da política catalán, galega e vasca, que foron ouseguados cun espréndido lonr.

Antes de fechar o aito cursáronse cables de saudación e adhesión aos señores Presidentes do Goberno Vasco, Consello Nacional de Cataluña e CONSELLO DE GALIZA. Tamén, do mesmo xeito, as entidades e organizacións catalánas, vascas e galegas de América, namentras as aencias de notizas daban a coñecer ao mundo iste transcendental aito.

ORGAIZACION DE GALEUZCA

Galezca está rexida, en México, por un pleo, constituído por representantes de todas as organizacións signantes do Pacto. O dito Pleo está representado por un Consello Executivo, que o forman un representante de Cataluña, un de Galiza e un de Euzkadi. Son respectivamente os señores Xoán Loperena i Romá, Xoán López-Durá e Xosé Luis Irisarri. O resto do Pleo fórmanlo os señores Aveli Artis, X. Carreres Palet, Arturo Costa, X. Cid i Mulet, Pedro Estapé i Páxés e Xaime Senyal i Ferrer.

O PLEO E O CONSELLO DIREITIVO DE GALEUZCA

O PLEO E O CONSELLO DIREITIVO DE GALEUZCA

O Pleo e o Consello Direitivo de Galezca reuníronse por primeira vez o día 28 de decembro no local da Comunitat Catalana.

O presidente e o secretario da Comunitat deron posesión a todos os membros de Galezca e procederon a levantar a acta correspondente.

O señor Baltasar Samper dirixeu belas e sentidas verbas en nome propio e do Consello Nacional de Catalunya, espresando a convicción que, pol-a outa calidade i espírito patriótico dos componentes de Galezca, o Pacto que signaron será de gran transcendenza para o porvir do

trunfo das reivindicacións nacionais de Galiza, Euzkadi e Cataluña.

A representación de Euzkadi, en nome de todos os representantes, agradeceu as verbas do señor Samper e fixo constar o agradecimento de Galezca a Comunitat de México pol-a valiosa colaboración que lles prestou lanzando a iniciativa do Pacto, presidindo as poñenzas catalana, vasca e galega que elaboraron o aito de signatura i o da toma de posesión.

Seguidamente procedeuse a un cambio de impresións sobor dos puntos que inmediatamente se teñen de levar a cabo.

CLAUDIO FERNANDEZ
AXENCIA CENTRAL "DODGE"

**AUTOMOVILES
E CAMIONS**

660 - MORENO - 680
U. T. 33-6484 y 7444

752 - VICTORIA - 760
U. T. 34 Defensa 7823

Os Gaiteiros de Montgomery

FLORENCIO DELGADO GURRIARAN é un dos novos e outos valores da poesía galega. O seu belido libro "Bebedeira" consagrouno como tal. Xoven, abvogado e afervorado patriota galego, traballou arreo pol-o Partido Galeguista na sua comarca de Valdeorras. Na hora da verdade, na hora en que a barbarie falanzista se botou sobor da Terra, éle, como tantos outros galeguistas, soubo responder fidel a valentemente. Marchou dende Galiza, espóndose a moitos perigos, a zona republicana.

Nela sirveu a República, con eficacia e lealmento, nos postos que lle asignaron. Logo sofren a doorosa odisea da espatriazon e segue vivindo a do exilio en México. Alí mantense fidel aos seus ideais galeguistas. Alí é a alma da fermosa revista galega "Saudade" que un fado de bos rapaces galeguistas ben publicando a forza de moitos sacrificios. Alí, na tristura do desterro, livo azos para enriquecer a poesía galega con iste magnífico canto.

Gaiteiros de Montgomery, irmáns na raza anterga:

Un ensoño saudoso de verdes e de névoas
— drúidicas lembranzas, follosas carballeiras—,
levades ao deserto de queimantes areias.

Netos d'El rei Arturo o da baruda lenda,
o da táboa redonda de tradición en festa;
en tempo de alborada, con aires de muiñeira,
o Atlántico levades á terra moura e seca.

O Atlántico alteiroso — o das verdes ribeiras,
berces nos que arrolaron xentes circias e rexas,
de guerreiros alcouves, razas de cote ergueitas —
que o noso pai Breogán coas suas proas fendera.

Dos salseiros e vagas, das bruantes tormentas,
dos carreiros de escuma que á América avencelan,
e inquedaos verdes agros, lecer para as sereias,
solar onde procuran a Atlántida as estrelas.

O Atlántico levades e, co ele, ás irtas terras
de historia carregadas que o mar clásico berza,
de vida ceibe e nobre unha baril promesa
e a semente espalladas da liberdade esgrevia.

Saudo de agarimo pra vós, gaiteiros celtas,
homes lanzais e fortes de louras cabeleiras,
oasis de saudade na Cartago deserta:
¡Gaiteiros de Montgomery, irmáns na raza anterga!

FLORENCIO DELGADO GURRIARAN

"El Orensano" Fixo unha Edición Especial

Co gallo de cumprirse o IV aniversario da fundación do "Centro Orensano", o seu órgano periodístico, "El Orensano", ofrece unha edición especial o día 10 deste mes.

Belidamente presentado a dous coores, locía na portada a bandeira da patria galega, cruzando a figura do noso gran poeta Curros Enríquez, magnificamente dibuxada por Colmeiro. As suas doce páxinas veñen acoguladas de escolleitos traballos: colaboracións de firmas prestixiosas, excelentes artigos de redacción, fermosas poesías e dibuxos de outa categoría. As colaboracións levan as firmas dos deputados galegos Castelao e Alonso Ríos, do deputado vasco Xosé M. Lasarte, do deputado catalán Pelayo Sala, de Lois Tobío, Rodolfo Prada, Xosé Núñez Búa, Xosé R. Vázquez, Pedro Campos Couceiro, etc. Tamén publicou enteiro o eloquento discurso que o ex secretario do "Centro Orensano", Valeriano Saco, pronunciou no banquete co que o

dito Centro festexou o seu aniversario.

Non somentes con este número especial, senon tamén con todos os que ven ofrecendo "El Orensano" dende a sua aparición, fai o to honor a coleditvidade galega de Bós Aires e prestiza o nome de Galiza. Nas suas páxinas latexa a colio un afervorado galeguismo.

Folgámonos en felicitar quentamente ao Centro Orensano pol-o seu prestixioso voceiro, felicitacións que facemos chegar, tamén, aos que dirixen o fan con tanto acerto "El Orensano", os intelixentes i entusiastas Enrique A. González, Sergio Haimar, Rodolfo Prada, A. Fernández Prol e Xosé S. Rodríguez.

"El Orensano" está pleamente ao servizo da Patria Galega e da Democracia.

CASA DURAN

• SOMBREIROS

• CAMISAS

• BONETERIA

• PANTALOS

30 Gral. Bosch 30

U. T. 22 - 4405

AVELLANEDA (PIÑEIRO)

ALEXANDRO COBAS.— Tamén tivemos a pracer de recibir a visita deste benquerido irmán que reside na cidade de Mendoza, onde, na compañía dun número de bos patriotas galegos, mantén aceso o fogo galeguista.

O irmán Cobas foi agasallado cunha cea íntima da que participaron os membros do Consello de Galiza, deputados Castelao, Alonso Ríos i Elpidio Villaverde Rey, e os señores Manuel Puente, Xosé Abraira, Francisco Regueira e Rodolfo Prada.

Galicia! Nai e señora,
sempre garimosa e forte;
preto e lexos; onte, ago-
ra,
mañán... na vida e na
(morte!

R. CABANILLAS

A nosa terra

BOS AIRES, MARZAL DE 1945

PRINCIPIOS DO
GALEGUISMO
1 - Galicia, unidade cul-
tural.
2 - Galicia, pobo autónomo
3 - Galicia, comunidade
cooperativa.
4 - Galicia, célula de uni-
versalidades.

Lembrando a Curros Enríquez, no 37º Aniversario da Súa Morte

Manuel Curros Enríquez, que con Rosalía e Pondal compoñen a triloxía dos meirandes poetas modernos de Caliza, naceu en Celanova, Ourense, no ano 1851 e morreu na Habana o 7 de Marzo de 1907.

Poeta arruado e loitador, o das estrofas de verbo aceso e revolucionario que arelaba para a súa Terra "Unha xuventude de estrelas" sedenta de xustiza social e de liberdade da Pátria oprimida por un poder imperialista e estranxeiro.

Curros Enríquez foi sen dúbida algunha un dos mais outos valores do renacemento cívico e espírito de Galicia.

Ninguén como el chegou ao cerne da alma do noso povo farto de fama de xustiza e liberdade.

"Onde haxa virtú bicade,
onde haxa vicio feride"

A súa poderosa voz, universal e galega, chea de rebeldías, é un baril berro de loita contra o cesarismo do clero e as castas gobernantes que explotaban inhumanamente ao povo humilde e sofredor.

"Falareilles da Pátria aos desterrados,
de liberdade e redención aos servos"

Eis o poeta, eis o rexo loitador, o patriota que arelaba unha Pátria libre, onde o home fose libre.

Unha Galicia ceibe, onde o povo non sentise fame de xustiza e de pan...

As forzas do mal que tanto combateron o noso grande e esgrevido poeta, cando xa parecían vencidas, desataron un furacán sanguiniento e triunfante e ás "xuventudes de estrelas" que albiscara o poeta sufreron martiro no seu camiñar por vieiros de lus senlleira cara á liberdade da Nación Galega.

ALBORADA

¡Escóitade! De fondas queixas cheo
Brota d'a terra un misterioso canto;
Rayos de branca lus tinxen o ceo;
Ronpe a marzá d'o celestial encanta
Da caixa de Pandora
Sobr'a patria deitada,
Que escravos viven en dór profundo!
Vai a Espranza surxir consoladora
Que quedaba n'o fondo acurrunchada...

¡Ouh. Libertá sagrada,
Alba de gloria pr'o oprimido mundo,
D'os povos deseada,
Que escravos viven en delor profundo!
Esparexe, querida,
D'escura noite as treboas cenicientas,
De verdugos e déspotas garida,
E fuxan medoñentas,
Seguidas d'o seu livido aparello,
¡Diante de ti as visións d'o mundo vello!

Agúa d'aureo peteiro,
D'ese mundo d'horror sobr'os escombros,
Bate as alas ó Porvir lixeiro...
¡Xunta esas forzas, mocedá, d'aceiro,
Si queres que se pouse n'os teus hombros!

Dispoñei, dispoñei pr'a seitura,
Cansados labradores;
E si frutos queredes de doxura,
Dond'agora herba ruín e grama dura
Ceibai novas ideas: darán frasa

OS MOZOS

¡Qué triste está a aldea,
Qué triste e que sola!

¡A terra sin frutos, a feira sin xente,

Sin brazos o campo,
Sin nenos a escola,

Sin sol o hourizonte, sin fror a semente!

A pedra i-as nubes
A sembra arrasando,

Agoiran un ano de fame sombría;

Sin pan os labregos,
Nin herba pr'o gando,

Qué vai a ser d'eles na crúa invernia?

Manadas famentas
De lobos montesos

Baixaron das chouzas na noite calada,

E postos en ringla,
Cos ollos acesos

Acenan dos pobres prá porta pechada...

Mociños honrados
De sangue bravía,

Sí ó mal dos petrucios non fordes alleos,

Librádeos da morte,
¡Facei montería

Nos lobos da terra, nos lobos dos ceos!

¡CREBADE AS LIRAS!

Por sobr'a barafunda
D'escarnios e pauliñas
Que as cántigas d'os servos
Por onde quer suscitan,
Espaventada, atónita,
A virxe Poesía
Clamou desalentada:
"¡Vates, crebade as lirás!"

¡Crebar as lirás, cando
Se fai temer aínda
A maza de Xan Dente
Por vara de Xusticia!
¡Cando n-os nosos Códigos
Non val d'un home a vida
Os sete vis escudos
En que a tasou Molina!

¡Calar!... ¡Qué non se escoite
O patuxar das vítimas
N-o mar d'inxofre e sangue
D'a escravitú caídas!
¡Calar!... ¡Y-as maus cravadas,
Y-a túnica cinguida,
Y-a intolerancia abaixo
Y-a intolerancia arriba!

Non. Feita está a pomesa
Y-é mester cumprila.
A patria morre. ¡Malía
O fillo que a non mira!

¡E malia quen lle negue,
Por tedio ou cobardía,
Os himnos que a amortaxen,
O sangue que a redima!

¡Crebar as lirás diante
D'a libertá qu'expira
Baix'a gadoupa férrea
D'o dogma que a asesina!...
¡Inda goberna Claudio!
¡Inda Seyano priva!
¡Inda os proscriptos choran
E trunfa Mesalina!

¡Non-a crebés poetas!
Templaina en ódeo, en ira.
Hasta que d'ela saian
As explosións das minas;
Hasta que cada nota
Com'unha espada fira
Com'un andacio barra
As vellas teogonías.

Gustoso esnaquizara
E resinado a miña,
Si n-eso de meu povo
A sorte consistira;
Mais, mentres orfo e triste
Os meus consolos pida,
Crebala... ¡i-a túa testa
Tan sólo tiranía!